



GUÍA PARA O CUMPRIMENTO DAS MEDIDAS ANTI COVID 19 NOS ESPAZOS TERMAIS E PISCINAS TERMAIS DE USO LÚDICO

Dirección Xeral de Saúde Pública





Este documento foi elaborado polo Servizo de Sanidade Ambiental da Subdirección Xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade.

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2021.



CONTROL DE REVISIÓNS E MODIFICACIÓNS		
N.º DE REVISIÓN	DATA	DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS
0	08/04/2021	Versión inicial
1	13/04/2021	- Engádesse a obrigatoriedade de usar a máscara, no uso dos vestiarios, agás nas duchas. - Novo enlace a nota informativa actualizada sobre as restricións sanitarias pola covid-19 nas piscinas.
2	31/05/2021	- Modifícase o número de persoas nos grupos. - Na ventilación mecánica dos espazos interiores, se permite unha renovación mínima indispensable do aire interior.
3	11/06/2021	- Modifícase como recomendación o número de persoas nos grupos. - Introdúcese o aforo en aseos.
4	28/06/2021	- Adaptación nova normativa uso de mascarar e cabidas.
5	06/07/2021	- Adaptación da nova cabida de duchas e lavapés, de vestiarios e aseos e de zonas de estancia.
6	16/07/2021	-- Modifícase como recomendación o número de persoas nos grupos, (de 15 pasan a 10 no exterior).
7	23/07/2021	- Amplíase nos concellos con restricións altas os grupos en exterior a 10 - Faise obrigatorio as agrupacións de persoas. - Péchanse os espazos públicos e privados de noite.
8	18/09/2021	- Elimínanse as restricións de agrupacións de persoas no exterior e no interior. - Elimínanse as restricións á permanencia de grupos de persoas en espazos pechados e en espazos abertos ao aire libre, sexan de uso público ou privado
9	25/09/2021	- Amplíase a cabida nos Concellos de nivel alto e medio do 50 ao 75%. - Obriga de ter a cabida visible e regular a entrada e





		saída.
10	09/10/2021	- Modificación de cabidas.
11	23/10/2021	- Modificación de cabidas.



INTRODUCCIÓN

A infección do SARS-CoV-2, produce a enfermidade chamada COVID-19, que segundo o último informe científico técnico, sobre a transmisibilidade do virus, realizado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias, do Ministerio de Sanidade, o 7 de maio de 2021 as súas principais vías de transmisión de persoa a persoa son: mediante o contacto e a inhalación das gotas e aerosois respiratorios, emitidos por un enfermo, por contacto indirecto, a través das man ou obxectos contaminados, coas secrecións respiratorias do enfermo, dito documento atópase na web:

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/20210507_TRANSMISION.pdf

Por este xeito de transmisión, a estadía en espazos termais e/ou piscinas termais de uso lúdico, supón risco de contraer a COVID-19, debido principalmente, as interaccións interpersonais, sen respectar as distancias mínimas de seguridade, e non realizar unha limpeza e desinfección axeitadas, das superficies das zonas comúns.

As referencias e recomendacións, para o control da pandemia destes espazos, serán equiparables as das piscinas e nalgún caso as das praias, posto que o tipo de instalacións son asimilables.

Todas estas medidas debidas á pandemia, se realizarán, sen obviar, o cumprimento por parte das piscinas termais de uso lúdico, da lexislación vixente en piscinas coas excepcións do carácter termal, e por parte dos espazos termais do plan de autocontrol que deben cumprir os espazos termais, para acadar o informe sanitario favorable, para o seu aproveitamento lúdico, que se atopa no enderezo:

https://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/6697/GUIA_ESPAZO_TERMAL_GAL%20.pdf



Este documento, debido á actualización constante da normativa de referencia, estará dispoñible e actualizado na páxina web de sanidade ambiental referente ás recomendacións pola pandemia no enderezo:

<https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Sanidade-Ambiental>

Ademais, é importante incluír os links útiles neste senso

- Normativa consolidada :

[https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Documents/525/
Normativa_covid19_consolidada.pdf](https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Documents/525/Normativa_covid19_consolidada.pdf)

- Mapas de restricións por Concellos:

<https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Restriccions-concellos>

USO DA MÁSCARA

Exceptuado: cando o seu uso resulte incompatible pola propia natureza da actividade e mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersoal entre todas as persoas usuarias non conviventes.

Obrigatorio: nos accesos, desprazamentos e paseos; no uso dos vestiarios, agás nas duchas, sempre que non se poida manter a distancia de seguridade interpersoal entre persoas non conviventes.

DISTANCIA INTERPERSONAL

No uso dos espazos de uso lúdico da auga termal, procurarase manter a distancia in-



terpersoal de seguridade de, polo menos 1,5 metros. Naquelas actividades que se desenvolven nun espazo determinado, sen desprazarse, é necesario o cumprimento da distancia interpersoal de seguridade 1,5 metros entre todas as persoas usuarias non conviventes.

ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS

Nas zonas de estancias dos espazos de uso lúdico da auga termal, establecerase unha distribución espacial para procurar a distancia de seguridade interpersoal entre os usuarios non conviventes, mediante sinais no chan ou marcas similares.

Todos os obxectos persoais, como toallas, deben permanecer dentro do perímetro establecido, evitando contacto co resto de usuarios.

Habilitaranse sistemas de acceso que eviten a acumulación de persoas e que cumpran coas medidas de seguridade e protección sanitaria.

VENTILACIÓN DOS ESPAZOS TERMAIS CUBERTOS

Seguiranse as seguintes normas:

- Natural: mínimo de 30 minutos ao inicio e remate da xornada, de forma frecuente durante esta e obrigatoriamente ao remate de cada clase ou actividade de grupo.
- Sistemas de ventilación mecánica: aumentar a subministración de aire fresco e limitarse ao mínimo indispensable a función de recirculación do aire interior

CARTELERÍA/INFORMACIÓN AO PÚBLICO

Nos espazos de uso lúdico da auga termal, os usuarios deben estar informados en todo momento por medio de cartelería visible ou mensaxes de megafonía, das normas de hixiene e prevención que se deberán observar.



Co fin de facilitar a cartelaría atópase diverso material informativo na páxina web da Consellería:

<https://coronavirus.sergas.gal/Material-informativo>

ACTUACIÓNS ANTE USUARIOS CON SÍNTOMAS COMPATIBLES CON COVID-19

Se alguén iniciase síntomas, retirárase do resto das persoas, e adoptaranse as medidas procedentes para abandonar a instalación. A persoa contactará co seu centro de saúde ou co teléfono de referencia 900 400 116. Se persoa é de fora da Comunidade autónoma chamará ao teléfono 881 002 021.

Non obstante, ten que existir un espazo previo elixido para xestionar os supostos casos de COVID-19. O lugar deberá contar con ventilación adecuada, e unha papeleira de pedal con bolsa, onde tirar a máscara e panos que se poidan desbotar.

No caso de percibir que a persoa que inicia síntomas, estea nunha situación de gravidade ou teña dificultade para respirar, avisarase ao 061.

É necesario realizar unha boa ventilación, limpeza e desinfección dos espazos e do resto das estancias onde estivera a persoa, acorde á situación do risco. Será preciso tamén illar o contedor/papeleira onde se depositaran os panos ou outros produtos usados. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto.

LIMPEZA E DESINFECCIÓN

Sempre tendo en conta as normas técnico sanitarias vixentes, os titulares dos espazos de uso lúdico da auga termal, deben levar a cabo unha limpeza e desinfección con carácter previo á apertura de cada xornada, das instalacións, con especial atención aos espazos pechados como aseos, vestiarios e duchas.



Así mesmo, deberanse limpar e desinfectar os diferentes equipamentos e materiais como vasos, liñas de separación, material auxiliar de clases, reixa perimetral, caixa de primeiras auxilios, armarios, e outros elementos de similares características, calquera outro en contacto cos usuarios, que forme parte da instalación.

Os biocidas que se deberán utilizar para a desinfección de superficies serán aqueles do tipo de produto 2, referidos no anexo V do Regulamento (UE) nº 528/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio de 2012, relativo á comercialización e o uso dos biocidas. Así mesmo, poderanse utilizar desinfectantes como dilucións de lixivia 1:50, recentemente preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade viricida que se atopan no mercado e que estean debidamente autorizados e rexistrados.

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/Listado_virucidas.pdf

Tras cada limpeza, os materiais empregados e os equipamentos de protección utilizados desbotaranse de xeito seguro, e procederase posteriormente ao lavado de mans.

As medidas de limpeza estenderanse tamén, de ser o caso, á zonas privadas dos/as traballadores/as, tales como vestiarios, armarios, aseos, cociñas e áreas de descanso.

CABIDA DOS VASOS, DAS ZONAS DE ESTANCIA E DOS VESTIARIOS E DUCHAS

A capacidade máxima deberá publicarse nun lugar visible do establecemento.

Duchas e lavapés ao aire libre: limitarase a unha persoa por dispositivo, sempre que se poida manter a distancia de seguridade interpersonal, agás no caso de menores ou persoas que precisen asistencia, as cales poderán contar co seu acompañante.



Zonas de ducha en instalacións cubertas, poderase usar o 100 % delas, teñan ou non cabina.

Vestuarios e aseos en todas as instalacións, poderase utilizar o 100 %.

Nos vasos, a cabida será do 100% da cabida normal.

ESPAZOS TERMAIS ABERTOS AO PÚBLICO	CAPACIDADE MÁXIMA			
	Vaso	Aseos e Vestuarios	Duchas e lavapés	
			Aire libre	Cubertas
Todos	100%	100%	1 persoa*	100%

* As persoas que necesiten asistencia, poden contar co seu acompañante.